





Cruzar as Vías

Guía sobre seguridad en
espazos ferroviarios para
NENOS E NENAS



TÁBOA DE CONTIDOS

De que imos falar	3
Dicionario ferroviario	4
Sabías que?	7
Reglas rápidas sobre seguridade	8
10 claves para estar seguros nos espazos onde hai trens	9
Para o profesorado: orientacións pedagóxicas	12



DE QUE IMOS FALAR

O tren é un medio de transporte rápido e ecolóxico. Podemos viaxar case a calquera sitio en tren e dunha maneira cómoda. No entanto, é importante ter en conta que **nos trens e nas estacións hai algúns perigos**. Por iso é fundamental **saber como comportarnos con seguridade**.

Nesta guía imos aprender cousas interesantes sobre trens, por onde se debe cruzar, como estarmos seguros cando esteamos esperando un tren, etc.

Comezamos.







Plataforma

Nas estacións de tren é unha superficie situada ao longo da vía para que os viaxeiros poidan esperar e subir ao tren ou baixar del. Adoita ter unha liña, normalmente amarela, que delimita a zona de seguridade.

Catenaria

Cable eléctrico que transmite corrente a algunhas locomotoras dos trens, tranvías, etc. para poderen funcionar. Podémolo ver tanto nas estacións como en plena vía.





Cruzamento entre plataformas ao mesmo nivel

Nas estacións de tren, é un paso sinalizado que nos permite cruzar dunha plataforma a outra de forma segura.

Estación

É o lugar onde habitualmente os trens saen, chegan ou fan paradas e onde as persoas soben ou baixan deles. Son edificios públicos moi representativos das cidades e algúns están declarados monumentos históricos.





Paso a nivel

Cruzamento entre as vías do tren e a estrada. Normalmente está sinalizado e nalgúns ocasións tamén está protexido por barreiras e ten semáforos e son. Existen pasos a nivel nas cidades e vilas, mais tamén no rural.

Paso inferior

É un túnel ou corredor que nos serve para cruzar as vías de forma segura. Está localizado na plataforma.






Paso superior

É unha pasarela ou ponte que permite cruzar as vías de forma segura. Está localizado na plataforma.

Tren

É un conxunto de coches ou vagóns que transportan persoas ou mercadorías e van enganchados normalmente a unha locomotora que os arrastra pola vía.




Vías

Son os "camiños", tamén chamados carrís, polos que circulan os trens. Apóianse sobre travesas, que suxeitan os carrís e que fan que estes sexan sempre igual de anchos. Normalmente as travesas apóianse nunhas pedras, chamadas balastro, que forman a base da vía e serven para repartir o peso do tren e filtrar a auga cando chove.



SABÍAS QUE?





Os trens poden alcanzar **velocidades moi altas; moito máis que os coches.**

Os trens que alcanzan velocidades tan altas poden producir un efecto de succión e crear un baleiro arrastrándote debaixo do tren.

Os trens pesan moito.

Algúns trens de alta velocidade pesan unhas **322 toneladas**. O mesmo que **43 elefantes xuntos.**



X 10

Os trens precisan **moita distancia** para frearen completamente porque van **moi rápido e pesan moito**. A distancia de freada dun tren que vai a 160 km/h é duns **1.000 metros**, igual que **10 campos de fútbol**.



Algúns trens funcionan con electricidade. Os trens teñen unha **potencia eléctrica moi alta, parecida á de 120 coches**. Polo tanto, é **moi perigoso tocar as vías ou a catenaria**. Pódeste electrocutar.



REGRAS RÁPIDAS SOBRE SEGURIDADE

Atención!



Os trens son moi grandes e parece que van máis amodo de como realmente van.

Os trens non poden xirar, nin cambiar de dirección como os coches.

Os trens poden vir de calquera dirección, de calquera vía e en calquera momento.

Os trens non poden parar rapidamente.

Os trens non sempre fan soar un chifre para avisarte da súa chegada.

Os trens non pasan sempre á mesma hora.

10 CLAVES PARA ESTAR SEGUROS NOS ESPAZOS ONDE HAI TRENS

1. Mantente **detrás da liña amarela da plataforma** ata que o tren estea completamente detido. Se estás preto da beira da plataforma, o tren pódete golpear ou absorber.




2. Coidado co espazo que hai entre a plataforma e o tren, é moi fácil tropezar e meter o pé. Cando vaías entrar no tren **dá a man a un adulto e entra camiñando**, nunca correndo.



3. As portas do tren están pechando? **Detente, espera e colle o seguinte.**




10 CLAVES PARA ESTAR SEGUROS NOS ESPAZOS ONDE HAI TRENS





4. Se che cae algo ás vías nunca intentes collelo. É moi perigoso. **Pide sempre axuda** ao persoal da estación ou dillo **a un adulto/pai/titor**.

5. Nas estacións e noutros espazos próximos aos trens camiña, **non corras nunca**. Non son lugares para xogar. Son espazos nos que hai riscos e podes caer.



6. Nas estacións **evita usar os auriculares ou baixa o volume dos dispositivos electrónicos**. Así poderás escoitar o propio tren, ademais das mensaxes informativas e de advertencia.

7. Non collas atallos. Nas estacións e arredores **hai pasos autorizados seguros para cruzar as vías.**



8. En pasos a nivel e cruzamentos entre plataformas: **para, mira para ambos os lados, escoita e pensa “é seguro cruzar?”.**

9. Poden pasar trens a calquera hora, mesmo sen estaren programados. Por iso é importante **estar nas zonas nas que non hai riscos.** Ten precaución.



10. Nos pasos a nivel e cruzamentos entre plataformas **baixa da bicicleta ou do patinete**, as rodas poden enganchar nas vías e poderías caer. Nestas situacións vai sempre andando.

PARA O PROFESORADO: ORIENTACIÓN PEDAGÓXICAS

O obxectivo xeral é **fomentar a cultura da seguridade**, capacitando nenos e nenas para tomaren decisións seguras cando se achán en espazos con trens.


O profesor ensinará aos estudantes os riscos reais dos espazos onde hai trens e reflexionarán sobre como manterse seguros.

Tras ler a guía propónse:


1. Establecer o contexto para falar da seguridade nos espazos onde hai trens, introducindo **conceptos básicos de infraestrutura ferroviaria e de seguridade**. Preténdese tamén coñecer as actitudes dos nenos e nenas acerca da seguridade nos espazos onde hai trens antes de comezar a modo de avaliación.
2. Introducir os contidos de seguridade: **comportamentos de risco nas proximidades a espazos onde hai trens**; consecuencias dos accesos indebidos a espazos onde hai trens; comportamentos seguros.

Ademais, propónse incluír contidos de seguridade viaria ferroviaria en actividades curriculares das diferentes materias que se imparten. Por exemplo, en ciencias naturais, matemáticas, lingua e literatura, ciencias sociais e educación artística.

Grazas pola súa colaboración!



PARA, MIRA, ESCOITA, VIVE!



Cruzar
as Vías